

FOLLA DE IDENTIFICACIÓN DA PROBA ESCRITA

Lugar da proba:		Data:		Nivel:	CELGA 2
-----------------	--	-------	--	--------	----------------

DATOS DA PERSOA CANDIDATA:

Apelidos e nome:					
DNI / NIE / Pasaporte:			Nacionalidade:		
Data de nacemento:	___ / ___ / ____		Sexo:	Home ☐	Muller ☐
Lugar de nacemento:	☐ Galicia ☐ Outras comunidades de España ☐ Europa ☐ América ☐ África ☐ Asia ☐ Oceanía				
Lugar de residencia:	☐ Cidade ☐ Vila ☐ Aldea				
Tipo de estudos cursados:	☐ Universitarios ☐ Secundarios ☐ Primarios ☐ Sen estudos				

Estes datos serán totalmente confidenciais. Empregaranse só para efectuar a análise psicométrica das probas de avaliación.

INSTRUCCIÓNS PARA A PERSOA CANDIDATA:

- Lea detidamente as instrucións do exame antes de comezar a responder.
- Empregue bolígrafo negro ou azul.
- Non se permite usar material de apoio.
- Adecúese á tarefa que se lle pide.
- Axústese ao número de palabras que se lle pide. Valorarase negativamente que non chegue a ese número de palabras ou que se exceda demasiado.
- Non se lle proporcionará outro caderno de exame.
- Debe empregar as letras maiúsculas e as minúsculas segundo corresponda.
- Non utilice o seu nome real no texto da proba nin marque o exame con ningún sinal (por exemplo, non use típex).
- Terá que entregar os borradores ao final da proba. Estes borradores destruíranse e en ningún caso se valorarán.
- Non adecuarse a estas normas pode supor a anulación do exame ou obter unha cualificación negativa nalgún dos parámetros de avaliación.

Celga



2

Proba A1

Vostede ten un tío que vive dende hai tempo fóra de Galicia e que é afeccionado á cociña. Despois de ver na televisión unha receita moi simple, decide escribirlle unha **mensaxe electrónica** para explicarlle como se elabora a “crema de cabazo”. Neste texto, de **200 palabras**, vostede ten que:

- Saudar o seu tío e contarlle por que lle envía a receita.
- Dicirlle cales son os ingredientes e o tempo que vai necesitar.
- Explicarlle con detalle como se elabora o prato.
- Despedirse e animalo a facer a receita.

ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A1

ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A1

Proba A2

Vostede recibiu unha mensaxe dun coñecido seu na que lle pide consello para mercar un ordenador portátil. Despois de ler a nova relacionada, escriballe unha **mensaxe electrónica** de **200 palabras**, na que ten que:

- Saudalo e amosarlle a súa disposición a axudalo.
- Xustificar por que lle convén comprar un miniordenador portátil.
- Explicarlle polo menos tres aspectos que ten que ter en conta á hora de comprar un miniordenador portátil.
- Despedirse e ofrecerse para acompañalo mercar o ordenador.

De:	alonso.porto@correo.com
Para:	amodiño@correo.com
Asunto:	quero mercar un ordenador

Ola, que tal? Como che vai?

Mira, é que estou un pouco perdido porque quero comprar un ordenador portátil deses pequeniños que son tan chulos, pero non sei, non estou seguro. Como ti sabes tanto desas cousas... pódeme botar unha man? A verdade é que non sei que facer. Será mellor que compre un portátil normal ou un dos pequenos? Ti que dis?

Abur e grazas,
Alonso

MINIORDENADOR PORTÁTIL

O seu prezo non supera os 400 euros, o seu peso apenas pasa do quilogramo e as súas dimensións son tan pequenas que caben nun bolso ou nun maletín. Estas características fan que os pequenos ordenadores, coñecidos tamén como ordenadores ultralixeiros, teñan cada vez máis usuarios. Polas súas características lémbrennos os teléfonos intelixentes do tipo *smartphones*, aínda que son de maior tamaño, o que facilita a escritura, o tratamento de documentos, o envío de correos ou a descarga de vídeos. Ata son compatibles cos servizos de voz por internet para efectuar chamadas telefónicas. A través da cámara pódense manter videoconferencias dende un banco do parque ou dende a parada do autobús.

Alén das vantaxes descritas, estes pequenos e funcionais dispositivos son un complemento, non un substituto, dun ordenador de sobremesa ou dun portátil convencional. Debido ao seu reducido tamaño, a súa memoria é limitada, dado que o disco duro é unha das partes máis pesadas e caras dun ordenador. Por iso diminúe a capacidade de almacenaxe nestes ultralixeiros.



Aspectos que convén valorar na compra dun portátil ultralixeiro:

A conectividade: deben ter, como mínimo, dous portos USB para poder conectar cun disco duro externo, dada a súa limitada memoria, e un rato, xa que o seu dispositivo táctil non é cómodo de usar. Tamén deben dispor de conectividade Wi-Fi e, se pode ser, vía porto ethernet.

O peso: mentres non supere os 1,3 quilogramos, o aparello é cómodo de transportar.

O tamaño: debe ser semellante ao tamaño dun bolso de man de señora, para que caiba en todos os lugares.

Autonomía da batería: a media sitúase nas tres horas de duración a pleno rendemento e co detector de redes Wi-Fi aceso. É recomendable asegurarse de que non baixa das dúas horas e media. Hai que ter en conta que o que máis batería consome é a conexión Wi-Fi e a reprodución de vídeos.

Tipo de memoria: canto maior sexa a capacidade do disco duro, mellor. O problema é que o prezo se pode disparar. Cada usuario debe valorar se paga a pena adquirir modelos de 60 GB que custan 150 euros máis, xa que por ese prezo poden mercar discos duros externos de menor peso e de ata 100 GB de capacidade de almacenamento.

Programas por defecto: hai que comprobar que o ordenador se vende con programas abondos de serie, como un navegador, un procesador de textos ou un reprodutor multimedia, porque o fabricante se limita a introducir o mínimo imprescindible. É importante descargar sistemas antivirus.

Entradas de audio e de vídeo: se se desexan realizar chamadas por internet e videoconferencias, cómpre que o aparello dispoña dunha cámara instalada e que o ordenador inclúa entrada de audio por micrófono e saída por altosfalantes.

ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A2

ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A2